





## Relacións institucionais

 <p>FUNDACIÓN ARUME</p>	<p><b>A cadea da madeira crea a Fundación Arume para recuperar o piñeiro de Galicia</b></p> <p>A <b>Fundación Arume</b>, presentada publicamente no Centro de Formación Agroforestal de Sergude (Boqueixón, A Coruña), é froito do proxecto conxunto de <b>medio centenar de entidades da cadea da madeira</b>, entre as que se atopa Fearmaga.</p> <p>O primeiro <b>obxectivo</b> da Fundación é reverter o retroceso que están a experimentar os piñeirais na comunidade. Para iso, trabállase en catro eixos: mellora xenética, silvicultura, formación e mercados. O obxectivo é lograr <b>madeira de calidade</b> que sexa valorada no mercado.</p> <p>A Fundación promoverá a creación da marca <b>Piñeiro de Galicia</b>, que irá ligada a madeira cuns estritos parámetros de calidade e que buscará o amparo do selo Galicia Calidade. <a href="#">Máis información</a></p>
 <p>UNE madera Unión Empresarial de la Madera y el Mueble de España</p>	<p><b>Celebración da Asamblea Xeral de UNEMadera</b></p> <p>A Unión de Empresas de la Madera y el Mueble de España (UNEMadera), celebrou a súa Asamblea Xeral o pasado día 21 de xuño en Oviedo. No encontro participaron os socios da organización, entre os que se atopaban o Presidente e Secretaria Xeral de Fearmaga, Elier Ojea e Ana Oróns.</p> <p>Entre os temas tratados abordáronse as <b>liñas estratéxicas do sector 2019-2022</b>, con 4 eixos de actuación a cometer: consolidación da organización, promoción e difusión do sector, marco laboral e capital humano e defensa da competitividade do sector. <a href="#">Máis información</a></p>



## Servizos prestados a socios

	<p><b>Celebración da Asemblea Xeral de Fearmaga</b></p> <p>Fearmaga celebrou a súa asemblea xeral o pasado 4 de xuño, en Santiago de Compostela, na que <b>se fixo balance e analizarónse os logros acadados por Fearmaga</b> no último ano. Para elo, realizouse unha exposición das accións máis destacadas desenvolvidas ao longo do 2018.</p> <p>O acordo máis importante acadado foi o de <b>constituir a Fundación Arume</b> para a dinamización e recuperación dos montes de coníferas e a promoción da madeira en Galicia.</p>
	<p><b>Asemblea Xeral do Grupo Provincial de Rematantes e Serradoiros de Madeiras de Pontevedra</b></p> <p>O Grupo Provincial de Rematantes e Serradoiros de Madeiras de Pontevedra, celebrou a súa asemblea anual o pasado 8 de xuño en Arcade. Durante a Asemblea procedeuse á elección e nomeamento do <b>novo presidente do Grupo, D. Fernando Castro González</b>.</p>



## Anota na túa agenda

<p><b>Do 16 ao 19 de setembro</b></p>	<p><b>Secado de madeira e tratamento térmico fitosanitario (NIMF15)</b></p> <p>Celebrarase en Ourense na sede do <b>CIS Madeira</b>, co obxectivo de ofrecer capacitación técnica relacionada coa mellora do rendemento e eficiencia de procesos industriais de secado e tratamento térmico de madeira aserrada. <a href="#">Máis información</a></p>
<p><b>17-18 e 24-25 de outubro</b></p>	<p><b>Uso estrutural da madeira</b></p> <p>Realizarase na sede do <b>CIS Madeira</b> no mes de outubro, co obxectivo de ofrecer información relativa ao uso de madeira aserrada como material estrutural. <a href="#">Máis información</a></p>